



Estimados pais e nais:

Para o vindeiro xoves, **9 de marzo** as plataformas estatal e galega que agrupan entre outras a organizacións sindicais e asociacións de anpas convocaron unha folga xeral do ensino en todas as etapas educativas, desde infantil ata a universidade. Tendo en conta o punto 15 do artigo 10 das *Normas de Organización e Funcionamento* do IES Mugar dos:

*“Coa finalidade de estimular a participación do alumnado nos centros educativos, estes deberán facilitar o dereito de reunión. As decisións colectivas que adopte o alumnado, a partir do terceiro curso de ESO, con respecto á asistencia á clase, non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción cando sexan o resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á Dirección do centro. Para tal fin establécese que deberán ser decisións colectivas por razóns xerais e comunicadas á Dirección previamente (48 horas) pola Xunta de Delegados. (LOE)*

*De se producir esta situación, o centro deberá comunicar aos pais a convocatoria desa folga para o seu coñecemento. O profesorado deberá trasladar a falta do alumnado ausente ao XADE e comunicala en conserxería o antes posible quedando esta información a disposición dos titores e da Xefatura de Estudos, que poderán comunicala de xeito inmediato ás familias ou aos servizos da Policía Municipal en caso de se tratar de alumnado de escolarización obrigatoria.”*

Comunicámoslles que o alumnado do IES Mugar dos anuncia a intención de secundar a folga en escrito dirixido pola Xunta de Delegados á dirección do centro que pode consultar no reverso desta circular.

Seguindo o procedemento, a dirección do centro agarda a que os pais e nais do alumnado, incluído nesta ocasión os de 1.º e 2.º ESO, asinen o recibo da información.

Por outra banda, lembramos que o servizo de transporte funcionará con normalidade. Nos labores de oficina e docencia funcionarán os servizos mínimos establecidos pola administración para atender aos alumnos e alumnas que non exercicio do dereito asistan a clase.

Os alumnos do IES MUGARDOS DECIDIMOS APOIAR A FOLGA CONVOCADA PELAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS DE ALUMNOS, PAIS E PROFESORES DA PLATAFORMA ESTATAL POR LA DEFENSA DE LA ESCUELA PÚBLICA DO PRÓXIMO 9 DE MARZO, XA QUE PENSAMOS QUE É NECESARIO QUE TODOS OS SECTORES DA EDUCACIÓN LOITEN POR UN PACTO EDUCATIVO NO QUE SE DEROGUE A LOHCE E SE REMATE CO 3+2 E COS RECORTES.

2º BAC A  
Alberto Delegado

1º BAC A  
Delegado subdelegada

4º ESO  
Delegado subdelegada

PHAR  
Delegado subdelegada

2º ESO B  
Vitor

1º ESO A  
Delegado

2º BAC B  
Delegado subdelegado

1º BAC B  
Delegado subdelegado

3º ESO  
Delegado subdelegado

2º ESO A  
Candela Sub-Delegada

1º ESO B  
Rubén

O director



COMUNICACIÓN DE CONVOCATORIA DE FOLGA Entregar en secretaría do centro con 24 horas de antelación ao comezo da folga.	A cubrir pola secretaría do centro <b>DATA:</b> ..... de ..... de 20.....
--	--

Don/a.....DNI.....  
 en calidade de nai/pai/titor legal de.....  
 alumno/a do curso..... grupo.....

**COMUNICA** a recepción desta circular informativa sobre a folga estudiantil convocada para o 9 de marzo de 2017.

Asdo:.....  
 NO CASO DE FACER FOLGA, O SEU FILLO OU FILLA NON DEBERÁ UTILIZAR O TRANSPORTE ESCOLAR NIN DEBERÁ ACUDIR AO INSTITUTO O DÍA SINALADO.

